

a cidade dos barrios no campanario

obradoiro participativo



01. Presentación e xustificación

Área a abordar no estudo e obradoiro.

A área de estudo asignada para este segundo taller dentro do proxecto A Cidade dos Barrios comprende as zonas de Os Rosales , O Portiño e San Pedro de Visma, da cidade da Coruña.

Durante moitos anos, e ata hai ben pouco, esta área non deixou de ser unha das “traseiras da cidade” na que se situaba o por desgraza ben coñecido para todos vertedoiro de Bens, ademais de contar nas súas proximidades con instalacións como a Estación de Depuración de Augas Residuais (EDAR), necesaria mais pouco apetecible para ter como veciña.

Nos últimos tempos, e despois da catástrofe do derrubo do vertedoiro (1.996), o selado do mesmo e a recuperación do Monte de San Pedro (1.999) e do Parque de Bens (2.001) como áreas lúdico -recreativas, a situación mudou sustancialmente. Esta franxa de territorio antes esquecida estase a converter nunha das bolsas urbanizables máis apetecibles dos últimos tempos. A presenza do porto e cala de O Portiño, xa sen vertedoiro veciño, convértese nun atractivo a maiores.



Os últimos desenvolvementos urbanos da cidade exemplifícanse no polígono de Os Rosales, que sube ata o Monte de San Pedro, mentres os orixinalmente núcleos rurais de Loureiro e San Pedro de Visma están a ser transformados a un ritmo vertixinoso.

Mais neste entorno destaca, polas súas múltiples singularidades, a presenza do pequeno barrio de O Campanario, situado en O Portiño.

- parque de Bens
- parque de San Pedro
- estación depuradora EDAR
- paseo marítimo
- 1 cala do Portiño
- 2 Loureiro
- 3 San Pedro de Visma
- 4 Os Rosales



Fotos do estado do barrio previas ás xornadas e traballos de acondicionamento.

Nelas podemos observar de arriba a abaixo e de esquerda a dereita:

1. Espazo de acceso ó barrio, no que se observa o estado orixinal do Centro Social e a zona de entrada na que se atopa o busto do Pai Villa.

2. Praza do barrio enfrontada á escalinata do Centro Social.

3. Fachada principal do Bloque de Cáritas, doce vivendas construídas no ano 1975 e que no 1989 pasan a ser de propiedade municipal.

4. Estado orixinal do pórtico e escalinatas de acceso ó Centro Social, espazo exterior de gran importancia para as relacións sociais entre os habitantes do barrio.

5. Rúa entre infravivendas de propiedade municipal, primeiros barracóns construídos no ano 1963.

6. Construcións informais de aparición máis recente no barrio.



Que é O Campanario – O Portiño, quen o habita e onde está.

O Campanario é un barrio creado polas autoridades municipais a comezos dos anos 60 do século pasado, nun intento de trasladar e agochar os diferentes focos de pobreza existentes na cidade naquel tempo. Para iso comezouse cun proceso de traslado de habitantes dende diversos puntos da cidade a un asentamento de nova creación sobre terreos que foron cedidos por particulares coa condición de que o concello os empregase para dotar de vivenda a xente sen posibilidades económicas.

Sería preto desa zona onde pouco despois, a comezos dos anos 70, se procedería á instalación do vertedoiro de lixo.

O que se dicía ían ser aloxamentos provisionais, barracóns que non cumprían (e seguen sen cumprir) coas mínimas condicións de habitabilidade, consolidáronse co paso do tempo, converténdose en infravivendas de propiedade municipal.

O desenvolvemento urbano do barrio continuou a partir daquel intre. No ano 1.965 chegou a O Campanario o Padre Villa, que, ademais de levar a cabo unha labor social fundamental para os seus



Imaxe da esquerda:
Habitantes do Campanario disfrutando do espazo público.

habitantes, promoveu a construción de diversas vivendas, un total de doce, xa cun estándar habitacional lixeiramente máis alto que os barracóns orixinais, ademais do edificio da escola, que co paso do tempo pasaría a ser o actual Centro Social. No ano 1.975 Cáritas remata a construción dun bloque de doce vivendas que en pouco tempo foi completamente ocupado por diversas familias. Co paso do tempo, e cada vez máis esquecido, o barrio seguiu a medrar, agora xa dun xeito máis desordenado, aparecendo por primeira vez o fenómeno da vivenda informal, para dar resposta ó aumento da poboación do barrio.

Mais durante todo este proceso tamén se consolidou e foi medrando a carón da poboación a súa vida en comunidade, dando lugar a unha alta cohesión social. Na actualidade O Campanario – O Portiño conta con aproximadamente 280 habitantes, tanto paíños como xitanos, dos cales 70 son nenos menores de 14 anos de idade, todos eles escolarizados. Entre todos eles existe unha boa convivencia, e contan cunha asociación de veciños activa e pola que se senten representados.

Imaxe da dereita:
Fotografía aérea descritiva do barrio onde se marcan as distintas intervencións así como certos puntos de interese.





Motivos para a elección de O Campanario

Eliximos O Campanario como ámbito no que centra-la análise e posterior obradoiro pola súa singularidade, especialmente a vulnerabilidade do barrio e dos seus habitantes.

É un barrio invisible, un barrio esquecido do que unha alta porcentaxe de habitantes da cidade da Coruña nin tan sequera coñece a súa existencia.

Trátase dunha situación urbana e social que, ó igual que outras existentes na cidade, está a ser ignorada ó longo do tempo tanto polo resto dos habitantes da cidade como, dende un punto de vista técnico e administrativo, polos diferentes planeamentos da cidade da Coruña. Por iso nos pareceu especialmente interesante que este núcleo de poboación tamén tomase parte e tivera representación dentro dunha iniciativa como esta de A Cidade dos Barrios que tiñamos enriba da mesa. É preciso que realidades como esta, pouco presentes para moitos, saian á luz e se xere un debate sobre as mesmas.

Este barrio caracterízase por atoparse nunha situación de illamento, xa que o resto da cidade sempre medrou ás súas costas. É un barrio con carencias manifestas: existencia de redes de servizos xerais e equipamentos comunitarios deficientes, ademais de infravivendas de propiedade municipal. Mais a pesar de todo isto conta tamén con moitísimas potencialidades: cohesión veciñal, vida comunitaria, entorno natural, inexistencia de fenómenos ligados á marxinalidade social.

Esta conxunción de feitos fai que sexa un barrio do que é moi necesario que se visibilicen as súas carencias e poñan en valor as potencialidades.

En definitiva, eliximos centra-los esforzos a nivel de estudo e organiza-lo obradoiro en O Campanario porque pensamos que era unha oportunidade para acadar esta visibilización.

02. Obxectivos fundamentais

Os obxectivos fundamentais que nos propuxemos para o obradoiro foron:

-Incentivar a participación cidadá:

Reforzar o movemento veciñal, xa presente e moi activo, e a cohesión social no barrio. Buscárase e promoveríase a maior participación posible para, ó exercer unha cidadanía activa e consciente, ser quen de transformar o entorno no que se vive. Pasar á acción como comunidade para evidenciar e abordar as necesidades e problemáticas fronte a unha actitude pasiva e conformista.

-Visibilización da situación, de carencias e potencialidades:

Empregar o obradoiro e o seu proceso de difusión pública (conferencias, prensa, televisión, publicacións...) para visibilizar tanto a existencia do barrio como as súas carencias e deficiencias, que deben ser coñecidas por toda a sociedade para poder ser abordadas. Dar así a coñecer o barrio ó resto da cidade e promove-la dignificación dos seus habitantes para que sexan considerados como membros cos mesmos dereitos e deberes que o resto de cidadáns da Coruña. Que O Campanario aparecese ó mesmo nivel que o resto de barrios da cidade a tratar dentro de A Cidade dos Barrios sería un paso máis de cara á normalización da súa situación.

-Búsqueda de continuidade no futuro.

Concibir este obradoiro tan só como un primeiro paso, a apertura dun proceso que con continuidade, perseverancia e a colaboración tanto dos veciños como de asociacións, colexios profesionais e as administracións competentes, poderá dar froitos cada vez maiores no presente e en futuros agardamos non moi lonxanos.

2 CONTEXTO | ENFOCO

JORNAL DE GALICIA 19 de outubro de 2018



Unas 3.000 persoas en Galicia viven en asentamentos chabolistas. El de O Portiño, en A Coruña, es un caso excepcional de integración de payos y gitanos. un proyecto de arquitectura los ha unido para limpiar lugares comunes

LIMPIANDO EL POBLADO DE PREJUICIOS SOCIALES

UN REPORTAJE DE ALBA SÁNCHEZ FOTOS AMADOR LORENZO

La precariedad de sus casas ha llevado a definidos como colectivos chabolistas. Una etiqueta a la que se asocia otro estigma: gitanos, aunque no todos lo son. El poblado de O Portiño, en A Coruña, es un ejemplo de convivencia de payos y gitanos en una zona que se ha unido para transmitir un mensaje de dignidad y rebatir los prejuicios de marginalidad y delincuencia.

"No tenemos muchos estudios pero sabemos estar con la gente y respetar a quienes sabe respetar", afirma una señora en el poblado de O Campanario, en O Portiño, mientras hace la tierra. Los niños juegan de colores los numéricos, mientras los chicos juegan con el filo de tierra para plantar árboles y los mayores se ocupan del serrucho para cortar los troncos y habilitar espacios públicos. El pobla-

do está revolucionado. El proyecto A cidade dos barrios, desarrollado por arquitectos del colectivo de arquitectura ha movido al vecindario para mejorar el lugar donde viven, a lo ven, aunque su imagen. "Este barrio está en una situación de marginalidad de construcción, pero no social, o que pasa de que está marginado por las administraciones", sostiene Xos Varelá, arquitecto.

Según la Fundación Secretariado Gitano, en Galicia hay medio centenar de poblados chabolistas en los que viven 3.000 personas, entre las que la presencia de payos es "normal", explica el director territorial en Galicia, Santiago González. "O caso do Portiño é bastante excepcional, practicamente é o único poblado de Galicia cunha presenza importante de non gitanos", destaca el re-

Á Esquerda, Imaxe do Xornal de Galicia.



Imaxes correspondentes ás reunións cos veciños realizadas no Centro Social do barrio.

1.Primeira reunión: proxección dun vídeo ós habitantes de O Campanario sobre os seus xeitos de vida para dar pé á discusión sobre que carencias e potencialidades percibían no barrio.

2.Segunda reunión: presentación dos paneis coas posibles liñas de traballo a seguir e diálogo sobre cómo e en que zonas actuar.

3.Segunda reunión: diálogo final para organiza-lo traballo das seguintes xornadas.



03. Descrición do proceso e das actuacións acome-tidas

Reunións veciñais

Realizamos un achegamento ó Campanario ó través de visitas ó barrio e varias reunións cos seus habi-tantes.

O primeiro contacto foi coa Asociación de Veciños e serviu para expor tanto o programa da Cidade dos Barrios como os obxectivos fundamentais anterior-mente enumerados para o caso de O Campanario. A reacción inicial foi moi positiva.

O feito de que os veciños do barrio se sintan repre-sentados pola súa Asociación, así como a gran cohe-sión social existente, permitiron unha boa resposta ás convocatorias para as posteriores reunións.

Na primeira reunión cos veciños presentamos e explicamos a actividade, e ademais serviunos para detectar e coñecer os principais problemas e de-mandas dos habitantes do barrio.

Unha segunda reunión, precedida de visitas máis informais nas que se falou cos veciños pola rúa e se coñeceron máis polo miúdo posibles lugares nos que intervir, serviu para propor as posibles liñas de traballo a seguir. Organizáronse tamén os plans de actuación para levalas a cabo.

Finalmente foron catro as liñas de traballo consen-suadas cos veciños, e que se tiveron que decidir, entre outras moitas, para nos axustar ó tempo e recursos económicos dispoñíbles. Todas recolleron inquedanzas e feitos que ós habitantes de O Cam-panario lles preocupaban, mais non contaran ata o de agora cos medios, atención por parte da admi-nistración, asesoramento ou a axuda precisa para as abordar mediante actuacións concretas.



Descrición das catro liñas de traballo

1-Limpeza

Hai que ter en conta que O Campanario conta con servizo de recollida de lixo mais, inxustificadamente, non conta cun servizo regular de limpeza como o resto de barrios da cidade. Polo tanto existían zonas do barrio e dos seus arredores que se atopaban moi descoidadas. Era imprescindible partir dun barrio limpo e cunhas condicións hixiénicas axeitadas para poder realizar calquera actuación posterior.

Procedeuse á limpeza e desbroce de moitas das zonas nas que existía lixo acumulado e das que se chegaron a retirar ata catorce contedores para residuos de 8 m3 cada un. Tamén incontables cantidades de restos vexetais, procedentes de rozas e podas, foron trasladados ó Punto Limpo máis próximo, situado en Labañou.

Xestionouse co Concello o baleirado da fosa séptica á que verque a instalación de saneamento do conxunto do barrio e que levaba moitos anos sen ser feito. Ninguén no barrio lembraba que se tivera baleirado algunha vez e estaba a ocasionar problemas nas súas proximidades. Producíanse rebordos na zona posterior ó bloque de Cáritas, que se estaba

a converter nun foco importante de insalubridade para o barrio. O camión cisterna tivo que facer ata sete viaxes para baleira-la fosa completamente.

2-Sinalización

Era preciso sinalizar a existencia do barrio, normaliza-la súa presenza nos indicadores viais, para contribuír á visibilidade e consideración necesarias do barrio dentro da cidade.

Xestionouse coa Dirección de Seguridade Cidadá o establecemento de tres novos carteis sinalizadores nos que a partir de agora todos podemos ler: Barrio de O Campanario – O Portiño.

Os letreiros, en dous dos casos, comparten poste con indicadores cara outras zonas da cidade, como pode ser O Monte de San Pedro. O Campanario – O Portiño é unha parte máis da cidade, ó mesmo nivel que todas elas, e así debe ser considerada.

3-Espazo público

Dado o uso masivo que os veciños dan ó espazo público, outra das liñas a seguir foi a mellora, mediante actuacións sinxelas, de diferentes espazos exteriores dentro do barrio. Despois da limpeza previa acondicionáronse lugares para estar e desfrutar, creándose zonas de estancia mediante a recuperación de áreas anteriormente tomadas pola vexeta-

Carteis explicativos das actuacións a desenvolver dentro de cada unha das liñas de traballo.

Fotografía aérea que mostra as distintas intervencións realizadas no barrio durante o transcurso do obradoiro.

-  área de limpeza e roza
-  área de limpeza
-  espazos públicos intervenidos
-  pérgola e pintado do c. social
-  división con sebes
-  xestión vaciado da fosa séptica
-  xestión sinalización do barrio



ción, o lixo, ou que se liberaron grazas á ordenación de prazas de aparcadoiro. Construíronse multitude de bancos e mesas que se distribuíron polo barrio para servir de dotación a estes novos espazos.

Exemplos destas actuacións foron a definición e acondicionamento da Praza do Padre Villa, ou “a do Bingo”, lugares que xa contaban con uso actualmente e que tan só precisaban un pequeno acondicionamento para mellora-lo seu estado e definirse espacialmente. Isto fíxose mediante á construción de pequenas xardineiras con neumáticos reciclados e pintados de cores, que actúan como límite entre o espazo de aparcadoiro para vehículos e a nova zona libre para estar.

4-Melloras no centro social

O Centro Social existente, o seu soportal e a escalinata de acceso son un moi importante espazo de relación do barrio. Partes do mesmo atopábanse bastante deterioradas así que se decidiu, dentro do posible, buscar unha mellora do seu acondicionamento. Pintouse o centro social, amañouse unha varanda que estaba rota e algún dos chanzos, tamén deteriorados.

A escalinata de acceso, os días nos que non chove, é unha das zonas máis concorridas por parte dos veciños, mais ó atoparse á intemperie, os días de choiva o seu uso víase interrompido. O soportal coas súas dimensións orixinais facíase demasiado pequeno. Decidiuse, pois, a construción dunha pérgola de cobertura transparente que cubrindo esta zona, e sen reduci-la cantidade de luz que chega á mesma, posibilitase o seu uso independentemente da situación meteorolóxica.



Fotografías do proceso de limpeza do barrio; ademais da roza da maleza retiráronse 14 contedores de 8 m3



Fotografías do proceso de montaxe da pérgola de cubrición do soportal do Centro Social.



Celebración

E todo esforzo e traballo merece a súa recompensa, a súa celebración.

O venres 30 de Outubro do 2009 á tarde organizáronse numerosas actividades para os máis pequenos: monicreques, espectáculos de maxia e malabares, así como obradoiros de fabricación de xabazón, maquillaxe e papiroflexia, a pintura dun mural colectivo...

O sábado 31 de Outubro realizouse unha xornada de portas abertas na que se procedeu á inauguración das melloras acadadas coa colaboración de todos para o barrio.

Os veciños plantaron unha árbore durante a inauguración da Praza do Padre Villa, para posteriormente percorrer e ensinar o barrio e o resto de melloras acadadas ós visitantes que acudiron ó acto.

Á noiteña proxectáronse imaxes e vídeos das actividades realizadas durante os días anteriores.

Posteriormente os habitantes do Campanario organizaron unha festa con música e churrasco e á que foron convidados tódolos presentes. Houbo música e baile.

Visibilización e difusión mediática

A partir dese intre, e ata o día de hoxe, desenvólvese unha actividade de difusión mediática (xornais, televisión, web, conferencias...) para apoiar algúns dos obxectivos principais citados para o obradoiro: que O Campanario se visibilice dentro da cidade, sexa por todos coñecida a súa situación, carencias e potencialidades, e estas non sexan esquecidas e de novo ignoradas como ata o de agora. Que pase a ser considerado como un barrio máis.



Na primeira columna podemos ver fotografías do proceso de construcións das xardineiras, utilizando como material pneumáticos reciclados.

Na segunda columna vemos tres imaxes do proceso de montaxe do mobiliario urbano realizado in situ.



Na terceira columna podemos ver fotografías do espazo público xa acondicionado ou en proceso de acondicionamento.
Na cuarta e última columna podemos ver distintas fase do proceso de pintado do Centro Social e o mural realizado cos nenos.



04. Intencións e pretensións para o futuro.

O conxunto destas actividades e pequenas intervencións quixo servir como un primeiro paso para mellora-la situación no barrio, ademais de para aumenta-la consciencia dos veciños da súa capacidade para intervir e mellora-la situación.

Pero en O Campanario – O Portiño aínda queda moito por facer. Os seus habitantes están pendentes dende hai xa tempo dun proceso de realoxo. Ó noso entender isto non xustifica o abandono que o barrio sofre dende hai décadas.

Parécenos fundamental, como peche destas reflexións, efectuar unha breve descrición de todas aquelas carencias que fumos coñecendo e detectando durante todo este proceso.

-Vivendas:

As edificacións, tanto as de propiedade municipal como as construcións informais, non cumpren coas condicións mínimas esixibles de habitabilidade e salubridade: a meirande parte delas non contan cunha seguridade e estabilidade estrutural suficiente, estanqueidade fronte á auga e o frío, correcto estado das instalacións de auga e electricidade, ou ventilación axeitada para gases e fumes. Todo isto provoca unha situación de continua inseguridade para os seus habitantes e inflúe negativamente sobre a súa saúde.

-Redes de instalacións urbanas:

Estado deficiente, e ausencia de mantemento, das redes de abastecemento de auga, electricidade e saneamento.

-Espazos públicos:

Carencia de planificación e tratamento axeitado dos espazos comúns que rodean as vivendas. Falta dun mínimo de acondicionamento e ordenación



A esquerda e dereita distintas imaxes do estado actual do barrio.



dos espazos exteriores: prazas públicas, zonas de aparcadoiro, mobiliario urbano...

-Servizos xerais:

Insuficiencia da iluminación dos espazos públicos do barrio e os seus accesos. Carencia do servizo regular de limpeza co que contan o resto de barrios da cidade.

- Equipamentos comunitarios:

O Centro Social atópase en moi mal estado, é preciso que se acometan intervencións de reparación e mellora que os veciños non poden asumir. Ausencia dunha zona destinada á práctica de deportes.

A numerosa poboación infantil do barrio, preto de setenta nenos menores de catorce anos, non conta con instalacións para xogo de ningún tipo.

Entendemos que todas estas situacións deben de ser coñecidas e abordadas polos organismos e administracións competentes para acadar unha solución ás mesmas.

Todas estas problemáticas e carencias refírense ó ámbito da arquitectura e do urbanismo. Ó noso entender é fundamental que á súa vez se desenvolva unha labor no barrio de apoio e fortalecemento a nivel de servizos sociais, traballando en áreas como a educación, inserción laboral, saúde, etc, labor que na actualidade ou non existe ou móstrase manifestamente insuficiente.



05. Agradecementos

Ademais de a tódolos axentes que interviñeron no proceso e xa foron citados, gustaríanos agradecer especialmente a colaboración dos voluntarios que estiveron presentes no obradoiro: Dinorah Batallán Yáñez, Alberto Fortes Novoa, María Novas Ferradás, Martín Loureiro Prego, Sofía Paleo Mosquera, Alba Pérez Espiñeira e Kaila Sanfabián García. Á xente de Própolis, Dantea Teatro, Rede de Troco e demais colaboradores na realización das actividades organizadas para os rapaces. Agradecementos tamén ós nosos fotógrafos, Amador Lorenzo e Juan Valiente e o cámara Ramón Fernández, fundamentais no seguimento e documentación de todo o proceso. Agradecer o traballo do colectivo Infradomus, que no ano 2002 realizou unha exhaustiva análise do barrio así como unha proposta consensuada cos veciños para a reforma do barrio recollida en *Campanario. Estudio para la reforma del barrio de viviendas municipales del Portiño. 2000-2002*, que nos serviu como base no proceso de documentación e análise.

E para finalizar, por suposto, queríamos mostrar un agradecemento moi especial a tódolos habitantes de O Campanario - O Portiño, ó presidente da súa asociación de veciños, Ramón Pérez Basich, Ramónín, porque sen a colaboración, traballo, axuda e entusiasmo de todos eles isto non tería sido posible. Realmente sentímonos privilegiados de poder ter compartido esta experiencia con todos eles. Grazas.

Lucía Buceta Santos
Alejandro Fernández Palicio
Macario Iglesias Carbonell
Felipe Riola Parada
José Manuel Sánchez Vizcaíno
Xiao Varela Gómez

para describir

